



TODO POLO AMOR

Xa se facía de noite e Sabela non aparecía por ningures. Saíra a dar unha volta coas súas amigas, pero non volvera para a casa nin chamara para avisar de que ía chegar tarde, iso era moi raro nela. Aínda que a maioría do pobo a estaba a buscar, Xoana, a súa nai, sentía que non estaba ben, que a Sabela lle ocorrera algo malo, no seu interior había algo que non acougaba e non podía parar de pensar na Igrexa do Carme. Quizais este pensamento víñalle á mente porque alí pasaran moitas tardes ela e Sabela collendo flores e xogando, pero non, era algo diferente porque só podía ver unha parte da igrexa, unha porta nova para ela. Isto fíxolle sospeitar, así que foi alí, colleu o abrigo e as chaves e sen avisar a ninguén marchou.

Aquilo estaba escuro, aínda que tódalas candeas estaban acesas apenas había luz suficiente para poder ver. Como puido, Xoana colleu unha candeia entre as súas mans trementes e dirixiuse moi despacio ata o lugar do seu pensamento. Ata ese momento todo o que estaba vendo, ata os máis pequenos detalles, eran tal e como os vira na súa mente e iso non lle gustaba, porque o presentimento non era bo. Por fin atopou a porta, intentouna abrir pero non puido, algo a estaba atrancando, algo pesado. Sabía que ela soa non a ía poder abrir, non tiña moita forza e co nerviosa que estaba ape-

nas podía coa candeia que sostiña na man. Saíu ata fóra e por sorte pasaba por alí un mozo coas vacas. Berrou varias veces, pero o rapaz non a escoitou así que dirixiuse cara a el antes de que se afastara máis.

- Desculpa, importaría che axudarme a abrir unha porta da igrexa?



Levo tempo intentándoo pero non podo.

- Por suposto, agarde só un intre que vou deixar as vacas nesa eira de aí e xa lle axudo.

O mozo marchou coas vacas e Xoana quedou alí soa esperando pero de súpeto comezou a sentirse mal, un calafrío recorreu todo o seu corpo e os ollos comezáronselle a cerrar, á súa mente chega unha imaxe dun

banco, dun banco moi vello e manchado de sangue baixo o que se atopa unha nota. Isto asústaa moito, sente como ese sangue pertence a Sabela, sente como a súa meniña, a única, xa non está, sente como marchou sufrindo. Despois disto consegue abrir os ollos e nota como unha bágoa lle vai esvarando pola meixela, e detrás desta outra, e outra, e outra...

Sen darse conta e sen podelo evitar as súas pernas comezan a andar e diríxense de novo cara a igrexa, pero esta vez non entre nela senón que o fai no cemiterio. Non sabe que buscar nin que tumba mirar pero non detén a marcha e segue camiñando polo corredor de lápidas ata que chega ao final. Alí unha chama a súa atención, é unha lápida preciosa, cuns anxos no centro e unha inscrición na que pon: "*Todo polo amor, todo, ata a morte vale a pena*", ao carón disto había unha ducia de rosas, de rosas negras, das que seis estaban murchas e tres só tiñan un pétalo, o resto estaba no chan formando un corazón. Xoana estaba tan entretida e atenta que non se dera conta de que un home a estaba observando, un home maior que vestía cuns hábitos de monxe. Estaba agochado detrás da lápida máis grande e alí sentíase seguro, xa que sabía que non o podía ver, pero a súa patosidade apareceu no momento máis inoportuno. Intentou apartar unhas xestas que lle impedían ver



TODO POLO AMOR

con claridade pero ao facelo esvarou e tirou as flores da tumba. Xoana levantouse e asustada deu a volta, non vía a ninguén pero sabía que non estaba soa, comezou a camiñar cara a tumba máis grande, era no único sitio onde alguén podía estar agochado e sen ser visto. Cando se estaba achegando unha voz distraeuna:

- Señora! Señora! Xa estou aquí. Síntoo por tardar, pero xa sabe como son estas cousas, sempre hai algún veciño curioso que quere saber da vida dos demais e cando ten oportunidade saca o cuestionario – botou unha gargallada e continuou – pero xa estou, cando queira podemos ir.

- Non te preocupes pola tardanza, estiven entretida e o tempo pasouseme sen dar-me conta.

Xoana marchou acompañada polo mozo cara o interior da igrexa esquecéndose do ruído oído. Xa dentro, ensinoulle a porta:

- É fantástico! Nos anos que levo vindo aquí nunca vira esta porta. Ao mellor non se pode entrar, quizais son cousas do cura por iso non fala dela.

- Non, esta porta é nova pero para todos. Levo moito tempo vindo aquí e eu tampouco a vin nunca. Necesito que a abras, e se non podes haberá que rompela, creo que hai alguén dentro.

- Eu non oí nada... está vostede segura de que é nova para todos?

- Sí... ben, ábrela ou non?

O mozo non lle deu máis



voltas ao conto e decidiu intentalo. Ao principio non puido pero entre os dous lograron abríla.

No interior non se podía ver nada do escuro que estaba todo, así que Xoana tivo que ir por unha candea. Outra vez volvíalle o tremor ás mans, apenas podía aguantar do pequeno cirio, pero saber que por fin descubriría o que había alí dentro tranquilizábala. Entrou moi amodo, tiña medo a ver o que non quería ver, a ver como o seu presentimento se facía realidade, pero non foi así. No interior daquela pequena habitación só había un banco, un banco vello igual que o que vira minutos antes na súa mente pero non estaba manchado de sangue, anicouse para comprobar se había unha

nota pero o que viu deixouna abraiada e branca. O banco por debaixo estaba pintado dunha intensa cor vermella que semellaba sangue e pegado na parte dereita da parede había un sobre. Xoana estirou o brazo e como puido colleu o papel. Intentouno abrir pero non puido, as súas mans parecían ter terremotos, así que o mozo que case non podía articular palabra abriuno, e con voz tremente pronunciou o que alí poñía:

- Todo polo amor, todo, ata a morte vale a pena.

Xoana xa vira iso noutro sitio...

- O cemiterio!

Os dous saíron correndo da igrexa e entraron no cemiterio. Na última tumba, a dos anxos, había anicado un home. Xoana, amodo, foise



TODO POLO AMOR

achegando ata pousar a súa man no ombro do descoñecido, este non se moveu, non se inmutou, mantívose no seu sitio e postura ata que Xoana dixo:

- Quen é vostede?

- Quen son eu non importa agora... antes tíña comigo, podía sentila, pero dende que mo dixo non. Agora ten o que merece, se non está comigo non pode estar con ninguén... só eu e ela...

- Que di? De quen fala?

O home quedou en silencio e virouse cara a ela, na súa cara víanse esvarar bágoas da cor do sangue, na súa man dereita sostiña as tres únicas rosas que estaban enteiras e na esquerda un coitelo.

- Tiñámolo todo, eramos felices e todo rematou. Sí, eu matei a Sabela! pero mateina porque a amaba, porque o amor que sentía por ela era único... e se non podíamos estar xuntos para que quería vivir.

- Fillo de puta!!!! Voute matar!!

Xoana lanzouse enriba del e comezou a golpealo sen parar, mentres o mozo saíu correndo a buscar axuda e ao verse só decidiu entrar el. Agarrou a Xoana e intentándoa tranquilizar díxolle:

- Tranquila, non sabes se é certo o que di!

- Si que o é, sinto que o é!

O mozo mirou para o señor e decatouse de quen era o monxe, era o señor Pedro, estaba irrecoñecible, pero sen dúbida era el.

- Don Pedro? Por que o



fixo?

- Porque ninguén aceptaría que un monxe de 45 anos estivera cunha rapaza de 17. Ela queríame, e eu a ela. Levabamos saíndo un ano e todo fora maravilloso os tres primeiros meses, outros tres non foi moi ben, pero os seis últimos remataron co seu amor. Decía que xa non me quería, pero era mentira, non sabía o que dicía. Eu sen ela non podía vivir, non podo vivir... está aquí enterrada e eu morrerei con ela...

Despois de dicir isto colleu o coitelo e cravouno no corazón. As súas últimas palabras foron: " Todo polo amor, todo, ata a morte vale a pena".

Xoana non podía crelo, a súa filla morta, asasinada... de súpeto volveu a sentir a mesma sensación que tivera facía unhas horas, un calafrío recorreu todo o seu corpo e a pesadez dos ollos impediulle telos abertos máis tempo. Na

súa mente apareceu a imaxe da súa filla dicíndolle adeus. Ela fora quen a axudara a descubri-lo todo, por iso esas imaxes, eses calafríos...

Non era habitual ver nun xornal o nome de Melide, pero ao día seguinte foi raro non velo. En todos os xornais se falaba do mesmo, do monxe asasino e do cemiterio da Igrexa do Carme.

SANDRA RODRÍGUEZ CARRIL

